

O **Rexurdimento** foi un movemento de recuperación da cultura galega que se produce durante o século XIX (máis intensamente no último terzo do século), como resultado da conciencia galeguista por parte dun sector da sociedade galega do momento. Esa conciencia ten a súa orixe no labor desenvolvido polos **ilustrados** durante o século XVIII. Froito dese interese pola cultura galega e ese despertar do galeguismo, xorden unha serie de autores e autoras que ademais de crear obras literarias de calidade, amosan un compromiso con Galicia e coa recuperación e dignificación do idioma. Este renacer cultural non atinge só ao ámbito da **literatura**, senón tamén á publicación de obras de carácter **histórico** e **filolóxico**, aínda que estas serán redactadas en castelán.

Cronoloxicamente acéptase como data que sinala o inicio do Rexurdimento pleno a publicación o 17 de maio de 1963 do libro de Rosalía de Castro ***Cantares gallegos***, se ben xa a convocatoria dos primeiros Xogos Florais na Coruña en 1961, marcaron o remate do Prerrexurdimento. O apoxeo do Rexurdimento prodúcese no ano 1880, data de publicación de obras significativas na nosa historia literaria: ***Follas novas*** de Rosalía de Castro, ***Aires da miña terra*** de Curros Enríquez, ***Saudades galegas***, de V. Lamas Carvajal e a primeira novela galega, de Marcial Valladares, ***Maxina ou a filla espúrea***. A partir dos anos noventa do século XIX prodúcese unha caída da produción literaria en galego, a este período coñecémolo co nome de **Posrexurdimento**, e se ben continúa publicándose en galego, a obra destes autores é seguidora das estéticas dos tres grandes autores e autora do Rexurdimento, sen chegar á calidade daqueles. O posrexurdimento considérase que se adentra nos primeiros anos do século XX ata chegar á creación das Irmandades da Fala, que dará lugar a unha nova xeración.

Entre as **causas que explican o nacemento** do Rexurdimento podemos apuntar varias correntes ideolóxicas, unha de carácter cultural, o **Romanticismo**, que acentúa o interese polo diferencial, polo autóctono, ao tempo que busca a evasión da realidade nos mundos ideais (do que sería boa mostra a visión positiva da paisaxe galega e da vida no campo); por outro lado, outros movementos políticos tamén influíron no interese pola recuperación e dignificación do galego: o ascenso do **liberalismo** fronte ao absolutismo, potenciou o emprego do galego na prensa e en textos didácticos e propagandísticos; pero sobre todo foi o **nacemento do galeguismo** o movemento que máis impacto tivo no Rexurdimento: esta corrente, que pasou por diferentes etapas, nace a mediados do século XIX, inicialmente co nome de **provincialismo**, para defender a integridade territorial de Galicia (froito deste descontento foi o levantamento de Solís no 1846 e os conseguíntes axustizamentos dos responsables, os Mártires de Carral). O galeguismo pasou por distintas denominacións durante o século XIX: federalismo e rexionalismo (durante este último, publicarán as súas obras de ensaio grandes persoeiros da época como Manuel Murguía e Alfredo Brañas).

En canto aos **protagonistas do Rexurdimento**, diremos que foi protagonizado por unha xeración de mozos e mozas herdeiros da ideoloxía galeguista do provincialismo, aglutinados arredor do Liceo de la Juventud de Santiago: **Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Antonio e Francisco de la Iglesia e Aurelio Aguirre**. Moitos deles participaron en 1856 nun acto de confraternización entre estudantes e artesáns de Santiago: o **banquete de Conxo**, onde, nos seus discursos públicos, estes mozos exponen a súa ideoloxía progresista e galeguista.

Literariamente, o Rexurdimento será un movemento fundamentalmente de poetas, fundamentalmente as tres grandes figuras: **Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal**. Houbo autores de prosa, pero con menor éxito: **Marcial Valladares e Antonio López Ferreiro**.

Cómpre destacar tamén o papel da prensa e as editoriais. Por primeira vez nacen revistas e periódicos en galego: ***O tío Marcos da Portela*** ou ***A Monteira***. A primeira colección de libros en galego publicada por unha editorial foi a ***Biblioteca Gallega*** (1855).